

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 24 DE MAIO DE 2017 DE NÚM. 5/2017.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS. (CxG-CCTT).
D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS. (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA : D^a. MARTA OVIEDO CREO.

ÍNDICE:

Punto único:

Expediente 1558/2017. Aprobación do Orzamento Municipal para o
exercicio 2017..... Páx. 3.

Sendo as **dez horas** do mércores, **día 24 de maio de 2017**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora, *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

PUNTO ÚNICO.- EXPEDIENTE 1558/2017. APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2017.-

A Presidencia deu conta deste Expediente e da Memoria-Proposta da Alcaldía de data 15 de maio de 2017. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 19 de maio de 2017.***

Polo grupo de goberno comeza a exposición a *Sra. Concelleira Delegada de Facenda, D^a. Teresa Varela Fisteus*, indicando que se presentaba o Orzamento Xeral do Concello de Lalín para o exercicio de 2017, integrado polo orzamento da propia Entidade e o do Padroado Cultural de Lalín. O orzamento preséntase equilibrado en gastos e ingresos, ascendendo o do Concello de Lalín a 14.568.822,45 € e o do Organismo Autónomo Padroado Cultural de Lalín, tamén equilibrado, por un importe de 480.500 €. Deu as cifras dos capítulos 1,2,3,4 e 5; en investimentos reais había un aumento do 104 %. Aumentaba a 171 de parques e xardíns e para a mellora enerxética en parques. En contaminación acústica tamén, cun 17,79 % e na partida 221.231 seguíase incrementando; inmigración tamén levaba aumento; a 231.1 mantíñase. A 231.3 levaba un incremento do 5,41; en fomento de emprego un incremento do 6,47 %; a 241 e a 248 eran partidas finalistas; a 241,9 era o programa integrado e aumentaba; a de protección e de seguridade pública mantíñase; a partida 313 remataba xa este ano; a 323 contaba cun incremento do 8,49 €; a 326 ía cun incremento do 29,85 €; no cap. 322.1 de biblioteca aumentaba; había unha baixada na 333 de equipos. Referiuse logo a distintas partidas do capítulo 3 gastos, a 344 de promoción cultural levaba o 26,79 € de aumento, para o patrimonio artístico. Contemplábanse as achegas municipais ao DUSI e outros investimentos reais do plan obras, na partida 328 cun lixeiro incremento. En fomento do deporte había incremento do 4 %; na 342, de instalacións deportivas subía un 22,19 %; subíase un 4,19 % a de gandeiría, igual pasado ano; tamén había aumento considerable nas partidas destinadas a camiños veciñais cun incremento no acopio de zorra; igual nas partidas 459 e outras infraestruturas. Inalterada permanecía a 492, nos órganos de

gobierno había baixada; a do padrón igual quedaba igual; a 931, política económica e fiscal tamén; a 934 da débeda presentaba incremento. Queríase adquirir un programa para a recadación. Falou das transferencias a outras entidades locais. Detívose en explicar o que representaba a plusvalía que se suprimiu e tamén o imposto de vehículos. Falou da taxa sobre espazos e aparcamentos do ano pasado. Indicou que o SAF experimentaba unha suba do 86,5 %. As multas tamén tiñan un aumento menor. No anexo estaban recollidos os investimentos. O importe acordado para as Bandas tamén estaba, e para a Igrexa de Vilatuxe; os importes dos gastos de vestiario incorporábanse a este documento. Con máis detalle foi explicando algunhas partidas do estado de gastos e as baixas que había en relación coas do ano anterior. Detívose no convenio do gasto e na obriga municipal de consignar as aportacións municipais ao Plan DUSI e aos museos. Volveu falar do dito programa financiado cos fondos europeos no capítulo 2.

En materia de ingresos, o resultado era que neste orzamento e en concreto no estado de ingresos, había unha baixada de impostos importante; no IBI 449.000 €. Isto víase tamén na supresión do imposto das Plusvalías:100.000€. Na auga había unha actualización das tarifas segundo o contrato. Contemplábase o tema dos campamentos. Non se recollían os ingresos que habería polo proceso de regularización catastral, porque non tiñan datos na man e a empresa aínda non rematou o seu traballo; na taxa dos caixeiros había aumento

No Concello subían os gastos e as aportacións en programas sociais, tamén os gastos no Lalín Arena no 2016 e os que se contemplaban para a zona rural, así como os de dinamización cultural.

Cumpríanse cos principios de estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e a normativa vixente do límite de gasto, así como, o límite de débeda e o período medio de pago. Deu as cifras do Concello e do Padroado.

Lembrou que se acompañaba ao documento a liquidación dos anos 2016, 2015 e do 2017 un avance de gasto. Había un remanente da liquidación do orzamento do exercicio anterior e un superávit na liquidación 2016.

Cumpríanse a estabilidade orzamentaria, a regra gasto e o límite de débeda. Deu os datos do PMP no Concello e no Padroado.

Deu a cifra de 420.000 € para as asociacións que colaboraban en actividades municipais. A débeda municipal baixaba; de 3.485.000 € pasaría a unha previsión de 2.720,755, 57 a finais de 2017.

No persoal constaba un incremento do 1 %. Creaban a praza de arquitecto. Se eliminaba outra do grupo 4.

A diferenza do documento entregado inicialmente ao PP, estaba en que se adaptou 's realidade de ingresos, coa supresión das plusvalías, e aparecían os trienios nos gastos de persoal. Era o criterio da Interventora: unha vez aprobado o orzamento, logo se incorporarían outros gastos nos expedientes de modificación de créditos.

Non se recollían os gastos de regularización de persoal aínda e esperaban a contar coa resolución do mesmo. O documento en debate era un documento distinto do que se entregou ao PP, porque houbo que acometer uns axustes técnicos. Tamén constaba un Informe do Sr. *Secretario* favorable indicando os acordos que eran executivos e os que non o eran.

O edil non adscrito, **D. Juan José Cruz García** dixo que esperaría para falar tras escoitar aos outros intervenientes.

No uso da palabra, **D. Xosé Crespo Iglesias**, voceiro popular, indicou que

agora falaba o PP e logo o edil no adscrito, pero que antes era xusto ao revés.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, dixo que non era certo que actuase así, e non era certo

Seguiu a falar o **Sr. Crespo Iglesias**. Como cuestión de orde quixo indicar que non estaba explicado como se convocaba este Pleno con 48 horas antes da sesión ordinaria do Pleno. Faltaba motivación para este Pleno, para que pareza seria a convocatoria. Podía entender que houbera esta sesión tres semanas seguintes do ordinario, pero non tres días antes. Se impugnasen vía recurso de reposición contra a convocatoria, o Sr. Secretario tería que informar e non quería metelo nese apreto. Agora estaban todos. Era un abuso de poder. Coidaba que debía xustificarse a convocatoria da presente sesión.

De novo seguiu **D. Xosé Crespo Iglesias**. Afirmou que o Pleno extraordinario estaba convocado dous días antes do Pleno do orzamentario. Era un abuso de poder a corenta e oito horas da outra sesión plenaria. Que non se lle interrompa, pediu. Mentían ou non contaban toda a verdade; non obstante non acusaba de mentireira á edil de facenda.

Pídenos responsabilidade a nós. Nós temos tanta ou máis lexitimidade para pedirlla aos que gobernan.

Con estes orzamentos, o grupo de goberno amosaban que eran uns irresponsables, e demostraban que non tiñan capacidade de gobernar. Viñan con moito atraso, a metade do ano. Lembrou que nos vinte e cinco anos que el gobernou nunca viñeron os orzamentos do exercicio económico correspondente no mes de maio. Puido ter sido doutro xeito. Se falasen con eles e a finais do mes de outono os trouxeran ao Pleno, outra cousa sería. Pero déusenos en abril o borrador. Os de agora eran nun 80 % idénticos aos do ano 2016. *¿Por que o atraso?* Non vía novidade que explicase este atraso. Eran unha fotocopia do ano 2016.

Un mes despois da entrega á oposición do borrador, agora cambiaba o documento e non crían nas razóns que se deron, porque cambiaron en moito máis da metade. O documento inicial non se tiña en pé. Non explicou isto dun xeito conveniente a voceira do goberno; “que sorte non meternos no charca, non enganarían”.

Eran uns irresponsables, non cumpriron e non explicaron isto convincentemente; en segundo lugar os orzamentos eran mentira, porque se dixo cando entrou este goberno que o Concello estaba en quebra. Era mentira. O Concello gozaba dunha saúde envidiable. Viuse cando marchamos; deixamos o Concello saneado. Pero convenceron aos veciños do contrario. A verdade era que non había quebra, nin un atisbo da mesma. O IBI no 2017 estaba no 0,40 %, igual que cando marcharon eles. O ano pasado tentamos poñer o 0,40 %; pero vostede dixeron que tiña que ser o 0,46” porque con esa rebaixa non se sostiñan os gastos.

Tampouco era certo o dito das plusvalías. Non era moi xusto este imposto. Agora había que devolver cartos en moitos concellos. O documento deixaba claro que non ía haber inestabilidade. Era certo que baixou o IBI do 0,46 % ao 0,40 % este ano, pero era porque sabían que, se non o facían eles, íámolo pedir nos.

Falouse dun millón de euros en regularización persoal, e que isto ía supoñer un gran gasto, pero agora non aparecía nada. Verase tamén nos ingresos o incremento do IBI pola regularización catastral. “Asegúrollo, recadarase máis do previsto”. Pódome equivocar por este motivo. No IBI non era certo o que se dixo; intentaba enganar.

Había partidas con pouca consignación orzamentaria, e logo na liquidación subían, debido ao remanente. A técnica era poñer que van recibir menos ingresos. Veremos na liquidación de 2017 o que pasa. Afírmouse que a supresión das plusvalías ían desestabilizar o orzamento, pero sabían que non. Agora se cadraban. Sexan xustos. Eran os orzamentos de engano, froito da conveniencia e de contentar ás catro forzas do Concello. Expresaban a forza que tiña cada pata do goberno. Respondía aos intereses de cada grupo, que eran minoritarios. Non era un conxunto; era un cúmulo, cada un coa súa parte. Eran uns orzamentos minoritarios porque reflectían unha parte do que pensaban os veciños. Non gobernaban para o pobo. Gustáballes o de: “todo para o pobo”; pero en realidade era todo sen o pobo, como o despotismo ilustrado, e non había nin transparencia.

Faltaba lealdade en cumprir o acordado. Non terían ningún problema se o goberno cumprira o acordado. Non se recollía nos mesmos nin un só acordo, a pesar de que algún foi por maioría ou por unanimidade. Lembrou os temas da UNED, as obras en Vilatuxe, Prado, o saneamento integral en Botos e Cadrón, Cristimil, o viveiro de empresas e o acordo coa AED; neste só aparecían 35.000 €, cando eran 60.000 €.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, por alusións, indicou que había un acordo coa AED. Agora contemplábase esa cifra inicial e logo por modificación orzamentaria iría o resto.

Seguiu **D. Xosé Crespo Iglesias** no uso da palabra. Non eran leais. Non se podía estar e replicar na misa. Non había dotación para o comercio; tampouco para as pistas do rural. Non había unha soa pista nova que se abrise. Pediu que lle dixeran unha soa. Non aportaban nada. Os orzamentarios eran froito da manipulación. Eran distintos dos que lles deron anteriormente. Non houbo lealdade con eles. “Se houbese un só cumprimento do acordado, agarraríamonos a elo”, afirmou. En relación co DUSI dixo que o Concelleiro socialista non lle recoñeceu neste tema a súa achega.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, dixo que se acababa, cinco minutos era el quen guiaba e daba a palabra.

Seguiu a falar **D. Xosé Crespo Iglesias**. Tampouco eran leais. Tiveron sorte en non picar. Lembrou que no ano 2015 rexeitaron a súa proposta de baixar o IBI. A supresión da plusvalía non foi casual, porque foi a iniciativa deles. Déranlles un só motivo e agarraríanse a el, pero que fose potente claro. Daquela a intención era distinta da de hoxe. Agora traían os orzamentos, tarde, mal e a rastras. Eran irrealis, sacando o DUSI, critica que non lle recoñeceron o seu traballo, reducíase o orzamento a 160.000 €. Seguramente haberá proxectos que non se executarán. Os ingresos directos sempre eran distintos ao final de ano. Elo amosaba que non sabían xestionar. Estaba todo paralizado. Tamén sinalou que se perderon subvencións. Había unha condena e abandono do rural, con partidas xenéricas, sobre todo para chapa e pintura. Isto verase despois de catro anos. Elo denotaba un fracaso e un esgotamento do goberno, perdido en conceptos *etéreos*, e modernos, desbotando cartos en cuestións non produtivas, poñendo como exemplo o que se ía facer coa piscina vella, un despilfarro, non nunha mellora produtiva.

Houbo un debate co Alcalde sobre o tempo de intervencións.

Seguiu **D. Xosé Crespo Iglesias**. Os comentarios dicían que era un goberno

con oportunismo; a eles non lles ían tomar o pelo nin a manipular; xestionar este Concello levaba dificultades. Pensaban que vivíamos noutra época do goberno. No 2015, rexeitaron a súa proposta do IBI; o xeito de eliminar as plusvalías antes desta lexislatura era distinta ao sistema de agora. Os concursos de obras sacábanse mal, tarde. Eles tiñan a opción de presentar unha cuestión de confianza. A realidade era que se paralizaban os temas como os dos xardíns, aínda que se compraba zahorra; perdéronse subvencións. Perderon moitas máis das dúas que dixeron, e vanse perder moitas máis.

En 2016 si que trouxeron en tempo e forma uns orzamentos, que eran mellores que estes. Estes eran pésimos. En suma era o documento un despropósito.

Pediulle que rematase o Sr. *Alcalde*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, e quítoulle a palabra.

Ameazou con recorrer o Pleno o **D. Xosé Crespo Iglesias**. Díxolle ao Alcalde que se lle retiraba palabra, ían recorrer o Pleno. No regulamento interno había un tratamento distinto das intervencións no Pleno dos orzamentos.

Reflectía as súas incapacidades, por moitos titulares de prensa que houbera, sacando cores ao Alcalde; non podían manter ao goberno, nin silenciar o que convén, e o contrario. “Non nos tomen o pelo”, engadiu. Queren máis tempo. Tomen nota do que fixeron no rural. Sabemos o suficiente. Cabía a cuestión de confianza, e mesmo puideron negociar co PP e co edil non adscrito a cuestión confianza. Non tiveron que esperar tanto. A responsabilidade neste tema querían botarlla a nós; Incumpren os acordos e non hai transparencia nin democracia.

“No ano 2016 dixeron que tiñan os mellores orzamentos, así o dixo o Sr. Alcalde; continúen con eles. Son pésimos, sabémolo nós, e tamén vostede. Era todo un despropósito” afirmou.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, primeiro sempre non adscrito, sae na prensa. O que di non era certo. Doutra banda parecía que o discurso o fixo esta mañá.

Desde o BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** dixo que xa levaban a falar unha hora e media; el ía pedir vez igual. Deulle a benvida a *D^a. María Álvarez Paz*. Do PP non escoitou nada serio. Agradecía o ton. Só escoitou xeneralidades. O que parecía era que ían caer os orzamentos, que era un documento político. Por elo terán que explicar por que.

O orzamento era un documento vivo no que non faltaba nada, ningún número. Era temporal e unha previsión.

Os orzamentos reflectían a actuación do goberno e non partían de cero. Houbo unha herdanza do goberno anterior á que tiveron que facer fronte. Eran sinceros coa cidadanía. A oposición non dixo que estaba vixente a lei de estabilidade orzamentaria, que condicionaban os orzamentos e da que eran responsables, cunha política reaccionaria e recentralizadora. O déficit dos concellos non chegaba ao 3% do importe total do déficit do Estado. Isto había que dicilo tamén. Non podían levar adiante outras políticas no marco actual.

Tamén era exemplar o orzamento. O documento amosaba a xestión económica que se realizaría, tendo en conta o superávit anterior. A realidade era que hoxe non se podían gastar máis cartos, aínda tendo os cartos, porque a lei o impedía. Isto era difícil de explicar á xente. O ano 2016 había uns tres millóns de euros de remanente. Esquecéronse de dicir isto. Pero este goberno fixo unha mellora na xestión económica

e reduciu a débeda municipal de 5.400.000 €. Todos os datos que se daban eran incómodos para o PP e por iso non falaba deles; hoxe por exemplo remataríase o ano con 2,7 millóns de débeda. Sumando o DUSI e outros conceptos, rematarase con 2.500.000. Antes eran 5.400.000 €. Agora había xestión e cumpríase coa débeda, co límite de gasto e coa estabilidade orzamentario. Había informes dos funcionarios aos que non se referían e a eles lles daba os parabéns polo seu traballo.

Era a primeira vez que o PP non se pronunciaba sobre uns orzamentarios. A situación era novedosa. Non se pronunciaban. Lembrou que eles case nunca tiveron a tempo os orzamentos cando eran oposición.

O ano pasado dicían que eran uns orzamentos temerarios, que poñían en risco o gasto na regra de cos gastos e no futuro as políticas básicas e sociais. Isto constaba nas actas.

Eran autónomos, financeiramente falando, con estabilidade e autosuficientes. Así o capítulo de ingresos representaba o 32,79, o 2 o 21 %, e o 3 o 22,16 %; en suma o 56 % do total; se engadían a participación do Estado e da Xunta de Galicia sumados os anteriores, eran o 88,7 % do total.

Eran uns orzamentos responsables e con autonomía financeira. Eran os orzamentos máis elevados en Lalín desde o ano 2012. Tiña que haber alegría por elo e porque neles ía a baixada de impostos máis grande que houbo nunca en Lalín. Baixaba a presión fiscal. Criticou ao PP de padecer de amnesia política neste eido e non falar dilo. Eles como goberno anterior, eran responsables de que o IBI se disparase un 200 % durante os seus mandatos anteriores, iniciándose a suba coa aprobación da ponencia de valores do ano 2003; a consecuencia dilo houbo que aprobar unha bonificación nos solos de núcleos do rural do 60 % para paliar a situación. Eran responsables dilo. A ponencia aprobouse recollendo as sobrevaloracións dos inmobles desta clase de solo, porque impuxo uns prezos moi altos, unha ponencia que nunca se debeu aprobar. A presión fiscal de Lalín ata hai pouco tempo era imposible de defender. No primeiro ano beneficiouse ao 75 % dos recibos do padrón; no segundo baixaban o máximo que permitía a lei. Non haberá xa debate sobre isto no futuro, de baixar o IBI.

Fixo unha proposta ao PP para examinar os recibos do IBI destes anos de atrás nunha sesión de Pleno monográfica sobre este tema cando cheguen os novos recibos do IBI. O IBI baixaba do 0,46 ao 0,40 %, era o 13 % do total, uns 2.950.000. A plusvalía viña dos mandatos anteriores e agora suprimiuse. A proposta do PP foi irresponsable no seu tempo. Pero había que dicir que foi con vostede cando se implantou en Lalín este imposto na época do *boom* e cando se redactou a ordenanza para este imposto.

Por alusións, dixo **D. Xosé Crespo Iglesias** que el traía cartos da Deputación.

Seguiu falando o voceiro nacionalista, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicando que o PP actuaba con dinámica electoral. Tiñan á Interventora para preguntarlle o que quixeran e non o fixeron nin o facían. Os ingresos a maiores do catastro non podían vir recollidos. Tamén seguían sen preguntar polas pistas, porque ao parecer eran cuestións técnicas.

Parecía que mentres este ano os orzamentos do Estado no se aproben, non se farían as pistas. Pero podía pasar que o ano que ven non estean aprobados e non se poda gastar, debendo só amortizar débeda. Estar outro ano sen orzamento aprobado non se podía explicar á cidadanía e iso si que sería un escándalo.

Houbo un acordo cos sindicatos: era a primeira vez que o había en Lalín. O valor era virtude aquí, habendo catro forzas no goberno.

A situación atopada do tema do persoal. Falaron do millón de euros; iso irá na RPT e regularización que non podían vir agora. No persoal do Concello había un aumento de 75.000 € e seguro que chegaría a 90.000 €, para trienios e atrasos; no Padroado alcanzaría os 40.000 €, coa regularización e trienios. Sacaba peito o goberno coas súas políticas de emprego. Poñían en valor o que fixeron. Votar en contra deste orzamento era ir en contra dos traballadores e supuña que non se contaba co goberno. Era un primeiro paso diante dunha situación complicada. Baixaba o gasto nun 36 % na partida dos órganos de goberno, computando os dous anos de goberno que levaban; este ano so chegaba a un 17 %, todo elo respecto aos gobernos do PP. Non dixeron nada.

Non deixaban tirado a ningún. Deu os parabéns ás persoas, membros do goberno, funcionarios e técnicos das Comisións informativas Facenda e Intervención que interviñeron na elaboración e tramitación deste documento.

Recollían un aumento récord en políticas sociais, no SAF, no Plan Concilia e noutros, dando as porcentaxes correspondente; axudaba ao comercio, un sector estratéxico, tamén.

Había 35.000 euros para a AED. **D. Rafael Cuíña Aparicio** insistiu en que a outra parte irían ata completar os 70.000€ xunto coa modificación de crédito. Vostede non o facían.

Seguiu **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** afirmando que non tiñan medo a que as políticas se fixeran en colaboración co colectivo do comercio e con outros.

No eido do turismo había un aumento importante. Tamén aumentaba en cultura tamén aumento. No deporte investíase máis que nunca neste Concello, cun aumento do 28 %; en actividades deportivas había unha suba do 187% camiños veciñais. Vía crédito para DUSI, pero, aínda así, *“non somos de fiar”*, segundo o PP, e por iso votarían en contra. Falou de SOGAMA dando as cifras consignadas, fronte ao compostaxe do BNG; a alternativa era queimar o lixo.

Sobre o argumento de que non eran de fiar, constaba o informe de Intervención que avalaba e o do Secretario. Recollíase o gasto das Bandas de Música e das árbores de Vilatuxe.

Na súa xestión pedíronlles en setembro que se sentasen a negociar e non recolleron o guante sobre a partida a negociar. A responsabilidade era súa e a irresponsabilidade da oposición. Esta actitude non era explicable para cos veciños.

A crítica era lexítima, pero a súa política era a de que non lles damos nin sal ao goberno. Esta era a política do PP. Repetiu que os orzamentos eran super responsables, que houbo unha Mesa de negociación no tema do persoal e que o PP non propuxo ningunha proposta nin formulou pregunta algunha nin nada á Interventora. Había fiabilidade. *“Nós negociar queremos, pero non cun mercadeo en alusión a unhas verbas dese tema da oposición”*, rematou.

D. José Antonio Varela Quintela sinalou que chegaban tarde.

Dixo que seguiría escoitando **D. Juan José Cruz García**.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, díxolles que fose consciente que xa perdeu dous turnos de palabra.

Polo PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** referíndose ao BNG, afirmou

que o *Sr. Vilariño Taboada* fixo un argumentario que parecía da páxina *web* do BNG, coincidía con argumentos utilizados noutros concellos. Falou de herdanzas, de superávit e doutros aspectos. Desas verbas saía a impresión de que os do PP eran os malos da película; cando había motivos técnicos, aí estaba a *Interventora* e a normativa do *Sr. Montoro*, que tiñan que aplicar as políticas vixentes; eran escapatorias. Sazonaba todo con victimismo. Era importante o documento, pero eran os seus, non eran os do pobo de Lalín. Votarían en contra. Coidaba que eran irresponsables e que o goberno actual non representaba aos veciños.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, preguntou se representaban a Burgos.

De novo **D. José Antonio Rodríguez Fernández** pediu respecto á súa intervención. Eran os orzamentos do interese do goberno. Eles non ían votar contra o pobo de Lalín, e si contra os do equipo de goberno. Viñan a metade de ano, cando os puideron traer os antes. Eran froito do oportunismo, xa que buscaron que se aliñasen os astros, convocando o Pleno hoxe.

Non pasarían a proba do triple filtro: da verdade, da bondade e da utilidade. Tíñano claro. Non pasaban o da verdade, porque non respondían á verdade do Concello. Se fose así, os houberan traído antes; facía un mes (en prensa o Alcalde dicía e 3 meses) que nos recibimos o documento, exactamente o día vinte e cinco de abril. Ademais máis do 95 % do programa variaba sobre o primeiro documento.

Eran irrealistas nas partidas de ingresos e tamén nas partidas de gastos. Comparando a liquidación 2016, viron que o emprego e o gasto para emprendedores con axuda a empresas que na tiñan partida máis de cincuenta mil euros en 2016, só executaron o 9%, deixando o 91 % sen executar. Agora fan o mesmo. Non executan e convértese en documento irreal. Vólvese a repetir o mesmo.

“Eran bos para vostede”; non pasaban tampouco o filtro da bondade, afirmou. Pero puideron negociar antes e non o fixeron”. No anexo de investimentos todo o representaba o DUSI; o resto eran migallas para obras; verase como o defenden. A vontade quedou clara. Tan importantes eran as obras que van, como as que nós propoñemos e se aprobaron no Pleno. Nalgunhas delas votaron unanimemente. Non eran bos. Logo para explicar todo isto, o goberno buscaba vías de escape e estas eran o PP, os problemas con Intervención e o *Sr. Montoro*.

Lembro que non estaban executadas as pistas do ano 2016 acordadas no Pleno e reiterou que a partida 1531 de pistas. Puideron ser leais e non o foron. Logo chegaban tarde; finalmente é o *corsé* do *Sr. Montoro*. Claro que esa partida que tiña un grao de execución do 92 %, vostede eran o goberno e nós a oposición. Na liquidación, non se executou o 8 %. Sumado isto ao que estaba sen executar o urbano, daba un terzo sen executar. Por iso non eran útiles.

Houbo un debate co Sr. Alcalde e **D. Nicolás González Casares**.

Segundo **D. José Antonio Rodríguez Fernández** na partida 1531 da liquidación de 2016 contaban 600.000 € sen executar. Nos quince millóns de euros do montante do documento, non había iniciativas que redundarán nunha mellora da produtividade das empresas ou dos emprendedores.

Os orzamentos non buscaban solucións aos problemas. Citou os 1,3 millóns de euros para parques e xardíns dos que quedaron sen executar un terzo da partida do exercicio anterior. Igual pasaba na partida de Tempo libre, e cos pavillóns deportivos

que nunca estiveron tan mal atendidos; na liquidación aparecían remanentes de instalacións deportivas. Era fácil falar, pero habendo necesidades sen cubrir, había que atendelas e non buscar desculpas. Lembrou o que dixo o seu voceiro no rural: investíase en chapa e pintura. Eran froito do oportunismo e neles non había proxectos nos orzamentos. Non se vía nada produtivo, nin eran integradores co rural.

Houbo un debate con **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada**.

Seguiu a falar **D. José Antonio Rodríguez Fernández** do anexo de investimentos, reiterando que nel non había importes destinados a mellorar a produtividade, nin ningún programa nesta dirección e aos que nos encamiñamos. O orzamento era algo simbólico e etéreo. Para rematar afirmou que os orzamentos eran o reflexo do seu goberno e de todos os seus membros.

Desde o grupo socialista **D. Nicolás González Casares** indicou que o sorprendente foi escoitar a intervención do PP, porque amosaba que descoñecía os orzamentos.

Realmente o que había aquí, no Concello, era un secuestro da vontade popular no Pleno, por un cambio na súa situación política, algo que era evidente. Mentres se respectou o pacto de goberno non houbo problemas; a proba era que en decembro de 2015 estaban os orzamentos presentados en tempo e prazo. Agora viñan tarde e había que preguntarse polos motivos disto; un deles foi por tentar negociar con vostede; houbo unha reunión en marzo con **Sr. Crespo Iglesias**. Lembrou que o día 23 de marzo entregáronse ao **Sr. Crespo Iglesias** para negociar. Volveron logo a reunirse con cinco de vostede, que viñan con ordenadores para entrar en materia e profundizar no debate. Pero non quixeron falar nin propoñer nada. Non se fiaban. Era evidente a que intención do PP era a de conseguir un atraso, aproveitando a situación popular, coa vontade secuestrada. Quixeron atrasar isto.

Doutra banda os concellos estaban intervidos pola Administración Central, polo goberno do PP que gobernaba interinamente; non se podía negar isto, e non estaban aprobados aínda os orzamentos xerais do Estado. Eles tentaban corrixir isto e non mentían; aínda así rebaixaban a débeda, pero non podían investir aínda en gastos financeiramente non sostibles.

As leis non deixaban facer case nada; esa era a realidade. Aínda así, producíase a maior baixada de impostos do Concello. As normas estaban pensadas para non investir e si para devolver a débeda e acometer investimentos financeiramente sostibles. Pero aínda así, coa regra do gasto non se podían facer. Era unha trampa da lei do PP, para que o Estado poida seguir incorrendo en déficit. Isto provocaba cousas como estas.

Os orzamentos recollían a maior baixada impositiva que houbo nunca en Lalín. Lembrou que a presión fiscal estaba en 269 euros/habitantes ao comezo do mandato e agora baixou a 238 euros por habitante, 30 €; en dous anos asistimos a unha baixada importante. Eran datos do Ministerio.

Respecto das plusvalías, lembrou que era un imposto potestativo, que se podía impoñer ou non; o certo era que as puxeron vostedes. Outros falaron de retiralas. Había outros concellos que non o tiñan implantado.

Era falso sentirse progresista e logo actuar dese xeito. Se houbera reclamacións, pagaríanse por eses anos de atrás.

Sobre o que dixo deste tema o **Sr. Crespo**, que baixando ao 0,40 % habería máis ingresos, indicou que dos datos da liquidación no 2016, desprendíase que houbo os

mesmos ingresos. Se baixaran ao 0,40 %, como pediron, reducirían a recadación do IBI e por iso o goberno puxo o 0,46 % para poder afrontar os gastos; non puido introducir esa redución nese intre. O tempo dáballes a razón: os ingresos eran os mesmos que houbo no ano 2016 sen esa baixada. Dos ingresos a maiores do catastro non se sabía cando estarían.

D. Fco. Xavier Vilariño Taboada indicou que o vinte e catro de marzo lles entregaron o documento do orzamento.

Houbo a continuación un debate con *D. José Antonio o Rodríguez Fernández, e D^a Teresa Varela Fisteus e D. José Antonio Varela Quintela* sobre os temas anteriores.

Seguiu **D. Nicolás González Casares**. A rebaixa do IBI xustificaba a carga impositiva no eido de urbanismo. Vivendas de 40.000 € de valor catastral pasaban a pagar agora de 200 a 160 €. Había tamén xustiza impositiva: aplicaban a sentenza neste eido. Este Concello foi o primeiro en Galicia en eliminar o IBI urbano, cando non había planes de obra en detalle aprobados; os dos donos das fincas no Polígono Lalín 2000 xa non pagarían impostos de antes e si como solo non urbanizado.

Este ano haberá máis ingresos que os que figuran nos ingresos. Coincidía co Sr. *Crespo*. Pero non deixaban gastar, porque de facelo, incumpriárase a regra de gasto. Todo debíase ao goberno PP.

Diciáse que só había gastos en chapa e pintura. Nós estamos no termo medio. Quería que a Interventora explicase o tema das pistas.

Non miraron partidas, comercio, emprendedores, que apoiaban ós sectores produtivos. O importe previsto nos capítulos 2 e 5, en realidade, polo DUSI, se multiplicaba por 5; había que entender que o consignado para este programa era de fondos europeos.

Todos os temas estaban consensuados entre os membros do goberno, entre as catro forzas políticas que o formaban. Non había ningunha pelexa entre eles; si había moitas horas de traballo.

Reclamaron algunhas partidas de gastos e buscaron partidas que non se executaron. Quitando algunhas pequenas, fixeron unha bolsa para imprevistos. Tiñan o compromiso dos acordos plenarios. Aí estaban os gastos da Bandas de Música, o da AED e de emprendedores; algunhas mocións aprobadas referíanse a pontes descoñecidas, que mesmo eran privadas, citando a Cristimil, que non estaba inventariada. Non ían metelas aínda que algunhas estaban aprobadas con unanimidade, como pasou coa obra de Doade, metendo as palas, sen informe Patrimonio. Recordou que por unanimidade apoiaron os gastos do DUSI e leu a parte disto. Isto era máis importante que as pontes, nas que debían aclarar a propiedade.

Gustaríalle que houbera máis recadación e que estes cartos e outros se destinasen aos veciños e non só á amortización de débeda, pero a realidade era outra.

Había un acordo para o persoal alcanzado cos sindicatos. Antes, nos orzamentos do ano pasado, reclamou o CSIF contra o acordo dos orzamentos. Agora non había ningunha reclamación. Todos estaban de acordo debido á declaración irregular como indefinidos de persoal laboral, e grazas á nefasta xestión de persoal do goberno anterior. A Inspección de Traballo dixo que eran indefinidos. Advertino eu xa en decembro de 2015. Custará moito regularizar, pero faltaba a sentenza e pouco a pouco habería que regularizar os efectos da sticución. Agora de golpe non podían consignar as contías porque non estaban calculadas. Había que esperar.

Se votan en contra, aínda así, poden saír adiante os orzamentos. Depende de

vostede.

En canto as pistas falaron o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** deu a palabra á Interventora, **D^a. Marta Oviedo Creo**.

D^a. Marta Oviedo Creo sinalou que pistas, coa modificación de crédito, con varias ofertas, adxudicadas en decembro, non podían pagarse antes do peche do exercicio e habería problemas coa morosidade. Logo pechamos en abril a liquidación do ano anterior con superávit e remanente, pero non se podían incorporar aínda porque non estaba aprobados os orzamentos do Estado, salvo que se tratase de investimentos financeiramente sostible. Seguramente se a contratación se realizara con éxito, a obra xa estaría feita e pagada. Tamén tiñan que cumprir a morosidade. Do superávit non se podía dispoñer ata incorporalo ao orzamento; para isto había que esperar a ter a liquidación do exercicio anterior e logo contar co orzamento aprobado do Estado.

Preguntoulle tamén **D. Xosé Crespo Iglesias** á Interventora: *¿Se fose un mes antes estaría adxudicada a obra?, ¿Estarían feitas e pagadas as obras?* Repetiu que a obra veu sen ao Pleno de agosto sen consensuar. Nós votamos en contra, e logo consensuamos; ¿ese mes sería máis que suficiente?.

D^a. Marta Oviedo Creo dixo que si. Se se aprobase en agosto o expediente, si que se podería adxudicar e facer a obra no ano. Cun mes antes do acordo adoptado no Pleno había tempo suficiente para a adxudicación.

Por alusións o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, sostivo que un mes antes era posible; logo xa dixemos en setembro non era posible.

Para **D. Xosé Crespo Iglesias** estaba claro o tema, como non pactaron antes, non se fixeron.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, dixo que coa proposta ao Pleno deste goberno, era posible cando a presentaron; logo non era posible.

No turno de **Juan José Cruz García** salientou que o goberno, se no sacaban adiante estes orzamentos, podía presentar cuestión de confianza. Non debía ter medo a empregar esta opción. El deixou o goberno, pero ninguén se sentou con el para ver o que pasaba. Non foi xeito de actuar. Reitera que non se sentaron a falar con el. Con estas verbas podía parecer o seu voto negativo. A cuestión de confianza era unha posibilidade e cabían dúas no ano.

Non se sentía respondido na prensa a unha das preguntas formuladas: ¿O Concello estaba inmerso nalgún xuízo? e ¿Se o estaba o Sr. Alcalde?.

No Pleno ratificáronse moitas mentiras. Falouse tempo atrás dun millón de euros para o persoal indefinido, pero agora non había nada. Falaban de porcentaxes, pero non falon con el de nada. Non vía que se cumprise o acordo das Bandas.

Todo isto xeraba desconfianza e era pesimista. No IBI o PP tentaba levalo a súa cancha. No caso das plusvalías, era o goberno quen facía o mesmo. Tal e como dixo **D. Nicolás González Casares**, con osadía, o mérito era seu, “porque nos falamos xa diso antes. Iso era ser valente”.

Os orzamentos entregáronse no último minuto. Non deixaba tempo para velos nin

capacidade para preparalos. El non tiña o documento e pediu que se facilitase un sitio onde imprimilos e non gastar cartos propios, porque os grupos estaban a cobrar cartos ilegais. Complicidade había. Elo xeraba desconfianza e pouco cambiaban as cousas. Puiden velos cinco minutos antes. O goberno dicía e escribía mentiras. Tamén manipulaba os medios de comunicación con cartos para publicidade, tentando comprar vontades, por exemplo estaba o tema da produtividade esaxeradas dos traballadores. Cando el estivo no goberno, se dicía que isto era problema de Intervención. Non se lle chamou para falar do DUSI e das verbas do voceiro socialista de que eles eliminaron as plusvalías, porque xa algún falou delas, parecía que se debía a eles o acordo. El dixo a *D. Tomás Vilariño* que fixeran as actuacións nas aulas en Muimenta e nas caldeiras; logo tamén podían atribuírse estas actuacións a el. As mocións aprobadas non se cumprían, como era o caso do saneamento de Cadrón, nin o de Botos; non sabía se se limparía a fonte da Casa Xuventude e pagaríase con fondos públicos aos traballadores públicos.

Dixo que había poucos cartos para as zonas urbanas e desde logo esquecían o rural. Pero en cambio si había cartos para dietas e para produtividade. Pedíulles que se sentasen e negociar. O DUSI eran só obras no núcleo urbano. Non se fiaba das súas palabras, non lle deron a opción de pedir obras para o dito programa. Presumían de rebaixar a débeda e dicían que *Montoro* lles obrigaba a amortizar. Non era imposible gobernar con remanentes. Había outras formas, non como se fixo comigo. El traballou polo cambio. Falaron de varios temas, o da AED; había que metelo xa aí. Se podía facerse isto con modificación de crédito, tamén poderíanse facer para outros fins. Non actuar nesta situación era delito. Debía ter coidado dixo ao Alcalde, porque pode haber dúas mocións de confianza no ano, e terán que rasgar o bolsillo. Estaba disposto a negociar e a sentarse. Era absurdo que votase a favor de algo que non negociou.

A información dábase ao final de todo. Gustaríalle sentarse a negociar aínda que non fose en igualdade de condicións. Pero gustáballe negociar. Chamoulle ao goberno a baixar os fumes e con este curso de educación e con civismo acelerado ao que asistían, negociar. Comprométanse a aprobar o venres (Pleno) un mínimo de iniciativas do edil non adscrito. Había que xogar coa verdade.

Pediu que se pediran desculpas desde o goberno as persoas da *familia Agulló*, desculpas que non se daban e coidaba que o goberno debía darllas. Faranse comentarios de texto destes temas e mesmo das actas. El tiña valentía; non se moverá por presións. Todo elo daba moito que desconfiar do goberno que pensaba só no futuro electoral. Dixo que a relación de postos de traballo tería que vir ao Pleno. Pediu limpeza nas intencións e empezen a negociar con el.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que os orzamentos eran un documento político. O feito de falar a Interventora estaba ben, en referencia ao que dixo en relación coa obra sen adxudicar das pistas. A este Pleno viñan os orzamentos sen negociar con nós; lembrou que a eles lles deron un documento e quince días despois sacárono e cambiárono.

Se en agosto pasado viñera xa pactado o expediente das pistas, hoxe xa estarían executadas. Era todo culpa súa, non sabían o remanente que había; segundo el, ao coñecer o remanente a finais de xuño, tiveron ata o mes de agosto, dous meses para levalo ao Pleno. Tamén quedou claro o tema das pistas. Se non se fixo antes, foi por culpa de vostede, que descoñecían o procedemento e os tempos a cumprir. “Nós tivemos cousas boas e malas, pero non destas”.

Indicou que o anuncio de SAMSUNG no que sairía o Concello amosaba que o

Concello servía para algo. Preguntoulle se lle gustaría saber como elixiu Samsung o edificio do Concello de Lalín.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** non o sei.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** rexeitou o victimismo do goberno, e sobre todo as acusacións de falta de responsabilidade do goberno. Había unha falta de lealdade e non colleron o Concello endebedado. Tiñan unha certificación da Interventora de cando deixaron o goberno na que figuraba que tiñan 5.400.000 € en caixa. Agora había máis 4.600.000. A diferenza eran 785.075,38 €. Arrimaban a ascua a súa sardiña. Nós o deixamos así. Secuestro da vontade popular, é opinable. Nós non secuestramos. Había máis de secuestro en xuntarse catro contra un, que da outra forma; en segundo lugar, acusou de incapacidade ao goberno porque non vexo ningún convenio con outra administración, logo na liquidación parte do consignado non o gastades, como no comercio; en terceiro non estaba aprobado non por culpa súa; se en temo e forma, en outubro, agarran e o que fan en abril e o fan en outubro, o máis normal era que estivera aprobado; logo poden meter unha cuestión confianza como *fixo o Sr. Lores* en Pontevedra; así hoxe orzamento estaba aprobado. A incapacidade era súa e non culpa nosa.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo que o goberno funcionaba ben con catro grupos e non tiñan ningún problema entre eles. Funcionaban como grupo de amigos e traballaban con consenso. Era un orgullo traballar con edís de BNG, APAC e PSdeG-PSOE, orgullosísimo. Identifícome máis co nacionalismo e posiblemente aí estará o seu futuro.

Lembrou que en Madrid o PP e **D. Rafael Hernando** pedían o voto do PNV para aprobar os orzamentarios, porque España os necesitaba. Decía a verdade. El síntese máis identificado co PNV e si que pactou, por responsabilidade e intelixencia política. Non trouxeron antes os orzamentos como dixo a Interventora, porque a liquidación non estivo pechaba, por iso non puideron vir os orzamentos a Pleno. Así o dicía a Interventora. Logo houbo negociacións diversas e fórmulas para chegar a un pacto, pero non quixeron negociar. Tamén déronse conta que estaba excedida a regra de gasto e houbo que reinventar os mesmos. Empezouse de novo.

Son empresario. En relación cos cartos que había cando entraron no goberno, agora a final de ano quedarían 2.7 millóns de débeda e 7 millóns en caixa. Se antes había 5,4 millóns de débeda e 4 en caixa e estaba ben, o dicía o *Sr. Crespo* cando deixaron o Concello con saldo que dicía en caixa e co nivel de débeda, agora con estes datos aportados, sería para conceder o premio Nóbel ó goberno municipal.

En canto ao rural, visitábao moito e escoitaba que lle preguntaban por que unhas obras estaban feitas e outras non. No tema da AED había un acordo coa mesma e había que cumprilo.

Sobre algunhas obras dixo que se estaban redactando os proxectos de saneamento, algún xa estaba rematado como o de Ateán, e estábanse elaborando os de Botos e Cadrón. Cumpríanse así os acordos plenarios.

Sobre o millón de euros, indicou que constaba nas actas o que eu dixen referendado polos técnicos municipais, no sentido que o importe que llel custaría ao Concello podía chegar a esa cifra. Este ano só ían uns 200.000 € para abonar os trienios dos traballadores. Tamén tentaban chegar a un acordo cos sindicatos para que as cantidades fosen asumibles polo Concello no futuro.

Era certo que houbo irregularidades na xestión do persoal deste Concello e así o dixo

a Inspección de Traballo. Agora tiña que pagar por elo o pobo de Lalín da súa xestión. A oposición tiña que asumir culpa que lle correspondía. As cantidades que se podían asumir sen afogar ao Concello eran as que ían.

Rematou indicando que polas noites durmía pouco e vía os plenos doutros concellos; podía afirmar que, aínda así, o funcionamento deste non se parecía aos doutros nin era tan negativo como outros, polos líos que había neles, pero non en Lalín.

Pediou respecto para o persoal e para o seu traballo

Na proposta da Alcaldía pedíase a aprobación do expediente dos orzamentos xerais deste Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín para 2017, que daba tanto en ingresos como en gastos a cifra de 14.568.822,45 € e 480.500 € respectivamente.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes, **REXEITOUSE** o Expediente 1558/2017 de Aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2017.

E, sendo as **catorce horas e tres minutos** do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. *Alcalde* levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas